

ELBRÁN

CampUSC 2020

PARA NENOS E NENAS DE 4 A 17 ANOS

BASES DE PARTICIPACIÓN E ANEXOS



1. PRESENTACIÓN

O programa Verán CampUSC 2020, organizado pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela (anteriormente Fundación USC-Deportiva) é unha actividade que ten lugar no período non lectivo do verán (agás o mes de agosto) co fin de conciliar a vida laboral e familiar tanto da comunidade universitaria da USC coma do público xeral.

Neste programa, no que colaboran a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos e o Concello de Santiago de Compostela, os rapaces e rapazas participantes coñecerán unha importante base de actividades deportivas tradicionais e alternativas, ademais de realizar diferentes obradoiros e actividades e saídas culturais.

Todas as actividades están especialmente dirixidas ás idades e desenvolvemento psíquico-físico das persoas participantes e todas elas desenvolven tamén, de xeito transversal, valores de disciplina, esforzo, perspectiva de xénero, integración, hixiene e respecto ás normas.

Esta edición do Verán CampUSC contará con certas diferenzas con respecto ás edicións anteriores debido á situación sanitaria actual.

Desde a organización coordinamos con especialistas tódalas medidas de seguridade, de prevención da saúde e de hixiene que a situación require para coidar ao máximo a saúde tanto dos participantes coma do persoal que dinamizará o programa. Os especialistas aos que nos referimos son: servizo de prevención de riscos laborais, servizos de vixilancia da saúde, autoridades sanitarias e asesoría xurídica en canto á normativa, protocolos de actuación e lexislación.

Así mesmo, antes do inicio da actividade, as familias participantes recibirán toda a información do desenvolvemento da actividade relativa ás medidas implantadas para a seguridade de todo o colectivo que formará parte do programa.

Estas bases de participación inclúen nesta edición uns anexos que conteñen os protocolos de actuación para a adaptación do programa Verán CampUSC ás directrices das autoridades competentes en relación coa Covid-19. Polo tanto, é posible que tanto antes do inicio como durante a actividade, se as directrices das autoridades sanitarias ou da Comunidade Autónoma de Galicia cambian, tamén se teñan que adaptar tanto as bases e os anexos coma os protocolos. Se hai algún cambio, será publicado na páxina web da Fundación e remitido por correo electrónico ás familias participantes.

2. DESTINATARIOS/AS

O programa está dirixido aos nenos e nenas entre **4 e 17 anos** de idade ¹, fillos/as de:

- Persoal da USC
- Estudantado da USC
- Público en xeral
- Persoal da Fundación USC
- Asistentes a congresos ²

Con carácter excepcional, nesta edición do Verán CampUSC as idades ampliaranse ata os 17 anos.

No formulario de inscrición deberá indicar se o rapaz ou rapaza ten calquera tipo de enfermidade e/ou discapacidade. Estes datos só se tratarán co fin de facilitar os apoios e as adaptacións necesarias para o mellor desenvolvemento das actividades e para unha posible reunión previa.

O programa non dispón de persoal sanitario, polo que non se responsabiliza da administración de calquera tipo de medicación.

3. HORARIO E LUGAR DO PROGRAMA

O programa terá lugar de luns a venres (agás festivos) de **8:45 a 14:45 horas**, polo que a responsabilidade do control e coidado dos participantes polos monitores e monitoras responsables comprenderá esa franxa horaria.

O Verán CampUSC 2020 está dividido nas seguintes quendas:

1ª quenda	Do 22 ao 30 de xuño de 2020
2ª quenda	Do 1 ao 10 de xullo de 2020
3ª quenda	Do 13 ao 24 de xullo de 2020
4ª quenda	Do 27 ao 31 de xullo de 2020
5ª quenda	Do 1 ao 9 de setembro de 2020 ³

¹ Os nenos e nenas de 4 anos de idade deberán telos cumpridos no momento de comezar na actividade.

² As persoas inscritas nos congresos da USC poderán solicitar a asistencia ao programa nos días en que se desenvolva o congreso no que estean matriculadas.

³ A data definitiva de remate desta quenda adaptárase unha vez sexa aprobado o calendario do curso escolar 2020/2021 en Educación Infantil e Primaria.

O programa Verán CampUSC 2020 desenvolverase no campus Vida de Santiago de Compostela nas instalacións deportivas da USC e noutras acordadas segundo as actividades planificadas. **A FUNDACIÓN ESTABLECERÁ UNHA COORDINACIÓN COA USC PARA CUMPRIR COS PROTOCOLOS DE HIXIENE E PREVENCIÓN DAS INSTALACIÓNS ONDE SE DESENVOLVERÁN AS ACTIVIDADES EN RELACIÓN COA COVID-19.**

A organización dos grupos dependerá de tres criterios fundamentais:

1. Instrucións e recomendacións das autoridades sanitarias sobre o desenvolvemento e organización dos programas de conciliación.
2. Instrucións e recomendacións da comunidade autónoma.
3. Idades e características individuais dos nenos e nenas inscritos/as.

Debido ás adaptacións necesarias por mor da Covid-19, os **lugares de chegada e saída** das persoas participantes serán o **Pavillón Polideportivo Universitario**, sito na rúa Joaquín Díaz de Rábago s/n ou o **Estadio de Atletismo**, na avenida de Novoa Santos s/n, dependendo do grupo que lle corresponda ao neno ou nena inscrito/a e que se lle indicará antes do inicio.

Se por algún motivo das adaptacións necesarias nesta edición houbera que utilizar outra instalación para a chegada e saída, sería comunicada previamente. Esta sempre sería na contorna do Campus Vida.

4. CANCELACIÓN DO VERÁN CampUSC 2020

O Verán CampUSC 2020 desenvolverase se houbera unha demanda suficiente de participantes que poida garantir a estabilidade económica da actividade e o éxito en termos deportivo-educativos e de lecer.

O programa poderase suspender por calquera dos seguintes motivos e procederáse á devolución das cotas pagadas ou á parte proporcional en caso de que a actividade xa tivese iniciado:

1. Se as autoridades sanitarias ou a comunidade autónoma nalgún momento emiten algunha instrución contraria á celebración deste tipo de actividades.
2. Se non houbera demanda suficiente.

5. NÚMERO DE PRAZAS

As prazas ofertadas serán 120 por quenda. Estas prazas estarán reservadas da seguinte maneira segundo a categoría e idades:

Rapaces/as de 4 a 13 anos fillos/as da comunidade universitaria (persoal e estudiantado da USC) e persoal da Fundación USC	70 prazas
Rapaces/as de 4 a 13 anos fillos/as do público xeral (familias sen vinculación coa comunidade universitaria)	30 prazas
Rapaces/as de 14 a 17 anos fillos/as da comunidade universitaria (persoal e estudiantado da USC) e persoal da Fundación USC	14 prazas
Rapaces/as de 14 a 17 anos fillos/as do público xeral (familias sen vinculación coa comunidade universitaria)	6 prazas

A Fundación USC garante unha adecuada organización do programa en condicións óptimas para o número de prazas.

6. INSCRIPCIÓN E PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

Debido á situación excepcional desta edición, unha novidade **IMPORTANTE** será o procedemento de inscrición e admisión, polo que recomendamos ler con atención.

A ADMISIÓN NO VERÁN CAMPUSC 2020 REALIZARASE POR RIGOROSA ORDE DE CHEGADA DAS INSCRIPCIÓNS TOTALMENTE FORMALIZADAS (FORMULARIO + PAGO).

Haberá un primeiro prazo no que cada categoría terá o seu número de prazas reservadas (indicadas no apartado anterior). Se unha vez rematado este prazo quedasen prazas libres, estas poderán ser ocupadas por calquera persoa, independentemente da súa categoría.

Prazos de inscrición

Comezo do prazo para a categoría correspondente (USC – alleos)	Fin do prazo para a categoría correspondente (USC – alleos)	Comezo do prazo para cubrir prazas vacantes sen importar categoría	Fin do prazo para cubrir prazas vacantes sen importar categoría
08/06/2020	14/06/2020 ou cando se cubran todas as prazas	15/06/2020	Cando se cubran todas as prazas.

Como formalizar a inscrición

Todas as persoas **deben cubrir o formulario de inscrición** que figura na páxina web da Fundación. Este formulario non estará operativo ata o día de apertura da inscrición.

Para cubrir o formulario de inscrición deberá achegar os seguintes **documentos** escaneados (pdf ou jpg) e subilos no propio formulario:

- Copia do libro de familia (debe aparecer o nome do proxenitor/a que fai a inscrición e do neno ou nena inscrito/a)
- Foto tipo carné
- Tarxeta sanitaria
- DNI do neno/a (se ten)
- Documento de aceptación das condicións de participación

O pagamento poderá facerse de dúas formas:

PAGAMENTO EN LIÑA

Pódese pagar con tarxeta de crédito a través da pasarela en liña da nosa páxina web. Neste caso non é necesario achegar ningún xustificante.

No formulario de inscrición deberá marcar esta opción de pago, aínda que o pago non se pode facer dende o formulario directamente. **O pago débese facer dende o enlace que figure na nosa páxina web.**

TRANSFERENCIA BANCARIA

Pode optar por facer unha transferencia ou ingreso nalgún dos seguintes números de conta:

Caixa Rural Galega	ES82 3070 0035 2660 6938 4920
Abanca	ES07 2080 0388 2730 4000 0932

Neste caso deberá achegar o xustificante da transferencia no formulario de inscrición.

Unha vez que na Fundación USC recibamos o formulario de inscrición e comprobemos que o importe abonado é o correcto, recibirá un correo electrónico de confirmación da súa inscrición.

No caso de facer a inscrición cando xa non queden prazas, procederase á devolución do importe abonado.

IMPORTANTE (para pagamento en liña ou transferencia bancaria): No concepto do ingreso bancario deberá aparecer o nome e apelidos do rapaz ou rapaza, así como as quendas nas que se inscribe (no pagamento en liña faise no apartado de “Beneficiario”, utilizando os seguintes códigos:

Q1	Do 22 ao 30 de xuño de 2020
Q2	Do 1 ao 10 de xullo de 2020
Q3	Do 13 ao 24 de xullo de 2020
Q4	Do 27 ao 31 de xullo de 2020
Q5	Do 1 ao 9 de setembro de 2020

Por exemplo: LARA PÉREZ PÉREZ Q1 – Q2

Durante o proceso de inscrición a Fundación USC poderá solicitar aos pais/nais/titores que indican que son persoal da USC, que acrediten dita vinculación de forma documental.

A Fundación USC resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos nenos e nenas que se comporten de forma incorrecta ou que os seus pais, nais ou titores non respecten as bases e as normas básicas de convivencia e colaboración. Antes de tomar unha decisión, daráselle sempre audiencia aos pais, nais ou titores dos menores.

Os nenos e nenas que acudan ao Verán CampUSC deberán ter adquiridos os hábitos de educación e coñecemento adecuados a súa idade (respecto aos monitores e monitoras, coidado do material, hábitos hixiénicos, etc.). De non ser así, o esforzo dos monitores e monitoras estará encamiñado a informar aos pais, nais ou titores deste feito para realizaren a adecuada labor educativa conxunta.

7. CUSTO DO PROGRAMA

Os prezos especiais por varias quendas ou varios irmáns só se aplicarán cando se fagan nunha única inscrición. No caso de inscribirse a unha quenda e posteriormente a outra, non se aboará a diferenza, senón o prezo completo de ambas quendas. Aplicarase o mesmo no caso de inscribir a varios irmáns.

PREZO UNHA QUENDA	1 neno/a	2 nenos/as	3 nenos/as
22-30 xuño	90	165	237
1-10 de xullo	120	220	316
13-24 xullo	150	275	395
27-31 xullo	75	138	197
1-9 setembro ⁴	105	193	276

PREZO VARIAS QUENDAS					1 neno/a	2 nenos/as	3 nenos/as
1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a			
X		X			222	409	587
	X	X			250	460	661
		X		X	236	435	624
X	X	X			327	601	862
X	X		X		264	486	697
X	X			X	292	537	771
X		X	X		292	537	771
X		X		X	313	576	826
X			X	X	250	460	661
	X	X	X		313	576	826
	X	X		X	340	626	898
	X		X	X	278	512	734
		X	X	X	306	563	808
X	X	X	X		395	726	1.042
X	X	X		X	422	776	1.113
X	X		X	X	354	651	934
X		X	X	X	381	701	1.006
	X	X	X	X	408	751	1.077
PROGRAMA COMPLETO					463	852	1.222

⁴ O prezo da quenda de setembro axustarase en función dos días de duración. Farase público o definitivo unha vez se coñeza a data de comezo do curso escolar 2020/2021. De ser menor que o que figura, e no caso en que xa se tiveran feito pagos, reembolsarase a diferenza.

Custo por día solto e neno ou nena para asistentes a congresos da USC: 18 €. Este prezo só se aplicará os días nos que teña lugar o congreso ou curso de verán no que o pai ou nai estea inscrito.

8. RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DOS INGRESOS

As cantidades pagadas só serán devoltas cando non se poida utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado ou interesada. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucións das cantidades pagadas.

9. ACTIVIDADES

A programación do Verán CampUSC 2020 contempla un amplo abano de actividades deportivas e de ocio e tempo libre planificadas atendendo a criterios psicopedagóxicos e de perspectiva de xénero.

É importante destacar que todas as sesións do Verán CampUSC teñen como obxectivo ofertar unha ampla variedade deportiva baseada no respecto e na igualdade entre nenos e nenas para que, nun futuro, lles permita practicar deporte de forma autónoma, duradeira e placenteira.

Nesta edición farase especial fincapé en tarefas orientadas a crear hábitos de hixiene relativos á Covid-19. Priorizaranse as actividades ao aire libre e aquelas que requiran o menor contacto posible.

O novo grupo creado nesta edición, de 14 a 17 anos, fará actividades especialmente dirixidas a estas idades e participará de forma activa na súa planificación.

Os horarios e a programación das actividades de cada quenda faranse en función das idades dos nenos e nenas polo que non todos os rapaces e rapazas farán as mesmas actividades.

A programación detallada publicarase na web da Fundación antes do comezo de cada quenda.

ANEXO I. PLAN DE ADECUACIÓN DO VERÁN CampUSC CON MOTIVO DA COVID-19

Co obxectivo de preservar a saúde e seguridade das persoas usuarias e persoal do Verán CampUSC, establécese un protocolo de actuación con medidas xerais e específicas para situacións concretas. Estas medidas poderán variar en función de como se comporte a pandemia no noso territorio e as instrucións das autoridades competentes.

1. Control e prevención da transmisión

- As persoas participantes e os seus titores legais responsabilizaranse da súa situación particular fronte á Covid-19, de tal forma que se algunha presenta sintomatoloxía asociada coa Covid-19 non acudirá e contactará inmediatamente coa Fundación para comunicalo.
- As persoas responsables da actividade (director e técnicos) velarán pola seguridade da actividade mediante a declaración de saúde á entrada das instalacións e o adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos.
- Reforzaranse as mensaxes de recordo dos comportamentos e distancia de seguridade, medidas de hixiene, etc.
- Limitaranse os aforos en espazos pechados para que garantan os principios de distancia de seguridade e prevención de contacto.

2. Cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias

- A organización subministrará xabón e xel hidroalcolico. Os rapaces e rapazas maiores de 6 anos deberán levar a súa propia máscara e recoméndase que os menores de 6 anos tamén a leven.
- Asignarase un monitor ou monitora responsable por grupo que vele pola recollida e entrega das persoas participantes aos seus titores legais. Esta persoa responsable velará polo respecto das medidas de distanciamento interpersoal e evitará aglomeracións. Controlará comportamentos e equipos sanitarios e distribuirá os equipos de protección individual aos rapaces e rapazas que non dispoñan del de maneira puntual.
- En todos os casos garantirase o cumprimento de protocolos de seguridade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias).
- Aqueles participantes ou as súas familias que incumpran as normas establecidas relativas as medidas de protección ante a Covid-19, serán expulsados da actividade.

3. Protección dos colectivos de risco

- Estableceranse medidas para a protección específica das persoas pertencentes a grupos vulnerables.
- Valorarase pormenorizadamente a posibilidade de participación de persoas que pertencen a grupos de risco ou que convivan con grupos de risco: diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, mulleres embarazadas, maiores de 60 anos, insuficiencia renal crónica, enfermidade hepática crónica severa ou obesidade mórbida IMC>40.
- Incorporarase un maior número de monitores/as de apoio en función das necesidades do programa.

4. Inscrición no programa

- A inscrición desenvolverase de forma completamente dixital, ao igual que a achega de documentación. Se algunha familia precisa realizar algún tipo de consulta ou de achega de documentación con carácter presencial será con cita previa para asegurar as condicións de seguridade.

5. Adecuación e reorganización de actividades presenciais

- Priorizaranse, sempre que sexa posible, as actividades ao aire libre. De non ser posible, cada grupo contará cunha sala ou instalación propia.
- Os espazos pechados que se utilicen serán amplos e estarán ben ventilados.
- Procurarase que cada grupo teña o menor número de nenos e nenas posible, polo que a división dos grupos será estrita e tendo en conta a data de nacemento dos rapaces e rapazas inscritos. Poderá darse o caso de que rapaces e rapazas pertencentes a un mesmo curso escolar estean en grupos diferentes e non poderán facerse cambios.
- Cada grupo contará cun monitor ou monitora responsable que velará polo respecto das medidas de distanciamento físico na medida do posible e evite aglomeracións. Controlará comportamentos e equipos sanitarios.
- Evitarase a realización de actividades que impliquen contacto físico constante.
- Cando os participantes e equipo de traballo teñan que desprazarse desde unha instalación a outra, pola rúa, etc. deberán levar obrigatoriamente máscara a partir dos 6 anos e é recomendable para os menores desta idade sempre que non sexa posible manter a distancia de seguridade.
- Cada participante deberá levar a súa merenda e auga. Estará prohibido compartila. No momento da merenda a media mañá os participantes e o equipo de traballo situaranse con distancia de seguridade de dous metros.

6. Desprazamentos e entrega e recollida de participantes

- Cada grupo accederá á súa instalación correspondente pola entrada que se comunique no seu momento para evitar aglomeracións. No caso de familias con participantes pertencentes a diferentes grupos, deberán deixar a cada neno/a na instalación correspondente, aínda que sexan diferentes.
- A persoa responsable de cada grupo será a encargada de xestionar a recollida e a entrega dos rapaces e rapazas participantes.
- Cada neno ou nena acudirá ás instalacións do Verán CampUSC acompañado por unha única persoa adulta, co fin de evitar aglomeracións tanto na hora da entrada como na de recollida.
- Os desprazamentos ata o lugar de celebración axustaranse ás recomendacións das autoridades sanitarias e que están recollidas no Anexo IV.
- As familias poderán chegar á actividade entre as 8:45 e as 9:30 horas e poderán recoller aos nenos e nenas entre as 14:00 e as 14:45 horas. Con isto facilítase a entrada e saída de maneira escalonada.

ANEXO II. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN CASO DE RISCO DE CONTAXIO OU DE CONTAXIO POSITIVO

1. Medidas de control de acceso para participantes e persoal:

- Un participante ou técnico non deberá acudir á actividade se presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade para respirar, etc.) que puidera estar asociada coa Covid-19.
- O participante ou técnico non pode tomar parte na actividade se estivo en contacto estreito (convivintes, familiares e persoas que estivesen no mesmo lugar que un caso positivo mentres o caso presentaba síntomas a unha distancia menor de dous metros durante un tempo de polo menos 15 minutos) ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada pola Covid-19, incluso en ausencia de síntomas, por un espazo de polo menos 14 días. Durante ese período debe realizar un seguemento ou se aparecen signos da enfermidade.
- Os pais/nais/titores legais deberán medir a temperatura dos participantes antes de saír da casa.
- Os membros do equipo de traballo deberán medir a temperatura antes de saír da casa.

- As persoas participantes poden, baixo a responsabilidade do seu pai/nai/titor/a legal, tomar parte na actividade se son vulnerables ou conviven cunha persoa que o sexa por: diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, mulleres embarazadas, maiores de 60 anos, insuficiencia renal crónica, enfermidade hepática crónica severa ou obesidade mórbida IMC>40.

2. Medidas de prevención da transmisión:

- Os pais/nais/titores legais dos participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte á Covid-19, de tal forma que se algún presenta sintomatoloxía asociada non acudirá e contactará co director ou coa Fundación directamente.
- A organización ensinará, fomentará e reforzará prácticas hixiénicas saudables entre o equipo de traballo e os diferentes participantes.
- A organización difundirá previamente material informativo para o persoal e familias participantes.
- Antes do comezo da actividade, o persoal desenvolverá un curso de formación sobre a Covid-19.
- Os protocolos establecidos e informados nestas bases serán de obrigado cumprimento para o equipo de traballo e para as familias participantes (nenos e nenas, pais, nais ou titores legais). Así mesmo, aquelas persoas que forman parte do funcionamento das instalacións deportivas onde se desenvolvan as actividades tamén deberán cumprir os protocolos.
- Intensificaranse as tarefas de limpeza e desinfección coas recomendacións das autoridades competentes nas diferentes guías que están publicadas, así como a seguridade e hixiene no traballo.
- Colocaranse carteis coas medidas de hixiene e prevención nas instalacións para o coñecemento xeral, ubicándose en zonas clave de accesos, baños, etc.
- As persoas participantes e técnicos estarán distribuídas en grupos de 10 para evitar o contacto entre grupos numerosos.
- Os monitores e monitoras só terán contacto cos seus grupos asignados previamente ao inicio de cada quenda.

ACTUACIÓN FRONTE A UN POSIBLE CASO DE COVID-19 NA ACTIVIDADE:

3. Participante na actividade:

- A identificación dun posible caso sospeitoso da Covid-19 poderá realizarse de dúas maneiras:
 - Identificación por observación por parte dalgún membro do equipo de traballo.
 - Notificación por parte dunha familia.
- Se algún técnico observa síntomas nalgunha persoa participante, o director da actividade informará á familia ou titores legais.
- A persoa con sintomatoloxía illarase do resto do grupo e colocáraselle unha máscara.
- A organización e a familia contactarán cos teléfonos habilitados (900 400 116) ou co centro de atención primaria para seguir os protocolos establecidos ao respecto.

4. Membro do equipo de traballo:

- A identificación dun posible caso sospeitoso da Covid-19 poderá realizarse da seguinte maneira:
 - o Notificación directa do técnico ao director do programa Verán CampUSC conforme ten sintomatoloxía.
- O técnico, se non está na actividade, non se incorporará ao traballo avisando inmediatamente ao director. En caso de presentar síntomas durante a actividade, deberá illarse e colocarse unha máscara.
- Contactará cos teléfonos habilitados (900 400 116) ou co centro de atención primaria para seguir os protocolos establecidos ao respecto.

5. Actuación fronte a un caso confirmado de Covid-19 na actividade:

A entidade organizadora, en caso de confirmarse un caso, seguirá as instrucións das autoridades sanitarias en relación ao resto de participantes que tiveron contacto coa persoa afectada e seguiranse os seguintes pasos:

- Confidencialidade da persoa.
- Realizar unha trazabilidade dos contactos nos últimos días.
- Paralización do grupo no que se atopaba o caso confirmado e notificación ás familias e ao resto de participantes.
- Limpeza e desinfección das instalacións para que se poidan volver utilizar con garantía.

A entidade organizadora facilitará o traballo ás autoridades sanitarias para realizar o estudo de contactos e a valoración da suspensión parcial ou total da actividade.

6. Reincorporación á actividade:

Tanto unha persoa participante como un traballador ou traballadora poderán reingresar na actividade cando teñan a alta do seu médico de atención primaria ou da CCAA.

ANEXO III. CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes no Verán CampUSC deberán mostrar a súa aceptación, por escrito e de forma previa, dos seguintes requisitos de participación (documento de aceptación das condicións de participación):

1. Declaración responsable de non formar parte de grupos de risco nin convivir con grupo de risco. O/a participante constitúe grupos de risco nos seguintes casos:

- a. Persoa vulnerable: diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, insuficiencia renal crónica, enfermidade hepática crónica severa ou obesidade mórbida IMC>40.
- b. Convive cunha persoa que sexa vulnerable: os mesmos casos que no punto anterior máis persoas maiores de 60 anos ou mulleres embarazadas.
- c. O/a participante non pode tomar parte na actividade se presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidera estar asociada coa Covid-19.
- d. O/a participante non pode tomar parte na actividade se estivo en contacto estreito (convivintes, familiares e persoas que teñan estado no mesmo lugar que un caso positivo mentres o caso presentaba síntomas a unha distancia menor de 2 metros durante un tempo de polo menos 15 minutos) ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada por Covid-19, incluso en ausencia de síntomas, por un espazo de polo menos 14 días. Durante ese período debe realizar un seguimento por se aparecen signos da enfermidade.
- e. O/a participante pode, pero non debería, tomar parte na actividade si é vulnerable ou convive cunha persoa que o sexa. Se opta por participar deberá deixar constancia expresa do risco que corre el ou os seus familiares no Consentimento informado.

2. Compromiso de notificación diaria do estado de saúde e de causa de ausencia.

- a) Os/as pais/nais/titores legais dos participantes deberán comunicar diariamente o seu estado de saúde ao monitor/a responsable do seu grupo ao chegar á actividade.
- b) Os/as pais/nais/titores legais dos participantes participantes deberán notificar as causas de ausencia ao director ou á Fundación.
- c) Se algunha persoa involucrada na actividade presenta sintomatoloxía asociada coa Covid-19 non acudirá e contactará coa Fundación.

3. Aceptación do documento de medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias

Revisar o Anexo IV.

4. Sinatura do documento de aceptación das condicións de participación, obriga de información e consentimento informado.

Este documento será de obrigatorio cumprimento no momento de realizar a inscrición e deberá achegarse para que a mesma estea totalmente realizada. Débese achegar no formulario de inscrición e está dispoñible para descargar na páxina web.

5. Condicións de participación para grupos vulnerables por circunstancias sanitarias ou persoais.

Ao igual que en edicións anteriores, os casos de grupos vulnerables valoraranse individualmente nunha reunión previa coas familias para establecer as medidas de atención específica para garantir a participación plena e inclusiva en caso de inscrición final no programa.

Será necesaria a comunicación de tal situación por parte dos interesados ou interesadas antes da inscrición para poder incorporar as medidas oportunas de adaptación.

ANEXO IV. PROTOCOLO DE MEDIDAS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN OBRIGATORIAS

MEDIDAS DE PREVENCIÓN DURANTE O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE PARA OS PARTICIPANTES E O EQUIPO DE TRABAJO:

1. Antes de acudir á actividade:

- Debes medir a temperatura todos os días antes de saír da casa.
- Se presentas calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidese estar asociada coa COVID-19 non debes acudir á actividade e contactar co teléfono 900 400 116 da Xunta de Galicia ou co teu centro de atención primaria.
- Se estiveches en contacto estreito ou compartiches espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada, tampouco debes acudir ao teu posto de traballo ou á actividade, incluso en ausencia de síntomas, por un espazo de polo menos 14 días.
- Se pertences ao colectivo de persoas vulnerables (descrito en puntos anteriores das bases) deberás poñelo en coñecemento da Fundación no Consentimento informado.

2. Desprazamentos á actividade:

- Sempre que poidan, tanto as familias coma o equipo de traballo, deberán priorizar as opcións de mobilidade que mellor garantan a distancia interpersoal de 2 metros. Por esta razón, recoméndase ás familias e ao persoal o desprazamento en transporte individual.
- Se vas andando, en bicicleta ou patín non é necesario levar máscara. Garda a distancia interpersoal ou pon máscara cando vaias camiñando pola rúa.
- Se o desprazamento é en turismo, extrema as medidas de limpeza do vehículo, non ir máis de dous ocupantes por fila de asentos, manter a distancia máxima posible e utilizar máscara.
- Se colles taxi mantén tamén as distancias e adopta as medidas de seguridade.
- Se viaxas en transporte público (autobús ou tren) debes gardar a distancia de seguridade co resto dos ocupantes e é obrigatorio o uso de máscara protectora.
- Utiliza os equipos de protección individual desde que saes da casa.

3. Medidas organizativas na actividade, de prevención e hixiene para toda as persoas participantes:

Este apartado está máis completo no Anexo I “Protocolo de adecuación do Verán CampUSC con motivo da Covid-19”. Sinalaremos a modo de reforzo unha serie de indicacións:

- Ao longo destas bases de participación no Verán CampUSC 2020 infórmase dos diferentes riscos e medidas sanitarias e de hixiene que se deben cumprir de xeito individual.
- A organización levará a cabo a planificación tanto das actividades coma dos procedementos de traballo tentando manter na medida das posibilidades a distancia de seguridade, facendo especial incidencia na entrada e saída dos nenos e nenas participantes.
- Nas zonas comúns debemos asegurar a distancia interpersoal e evitar aglomeracións de persoal nestes puntos.
- A planificación da actividade guírase polo principio da minimización do risco.
- Os nenos e nenas participantes a partir de seis anos deberán traer máscara cada día á actividade e será recomendable para os menores desta idade.
- A organización facilitará os equipos de protección individual necesarios en función dos riscos para os membros do grupo de traballo cando estes non poidan evitarse ou limitarse por medios técnicos de protección colectiva ou de procedementos de organización do traballo.
- A organización realizará unha distribución dos nenos e nenas participantes en grupos illados de máximo 10 persoas co monitor/a. Este será o responsable de velar polo cumprimento das medidas adoptadas.
- As actividades desenvolveranse prioritariamente en espazos ao aire libre. Cando se teñan que utilizar espazos pechados, priorizaranse aqueles que teñan unha ventilación suficiente.
- Evitarase, na medida do posible, o uso de material compartido entre grupos.
- As instalacións estarán limpas e acondicionadas cada día ao inicio da actividade.
- A organización proverá aos participantes de produtos de hixiene necesarios (auga, xabón, solución hidroalcolica, panos desbotables).

- Os nenos e nenas deberán traer a súa botella de auga cada día de xeito individual. A organización terá tamén botellas para aqueles nenos e nenas que a esquezan ou precisen máis auga.
- Os nenos e nenas non poderán compartir a comida que traen para a media mañá.
- Os monitores e monitoras nesta edición non cambiarán de grupo e manteranse co mesmo grupo durante toda a quenda.
- O director e o equipo de traballo farán unha labor de concienciación a través de obradoiros formativos en relación a diferentes cuestións de hixiene e prevención cos nenos e nenas:
 - o Lavado frecuente de mans.
 - o Forma de tusir ou esbirrar.
 - o Evitar tocar a cara coas mans.
 - o Uso de panos.
 - o Uso do material.
- Estableceranse protocolos para o lavado frecuente de mans con auga e xabón.
- Finalmente, expresamente para o grupo de traballo (director e técnicos):
 - o De acordo coa normativa de riscos laborais, informárase e formárase ao persoal de forma fidedigna, actualizada e habitual das recomendacións sanitarias que deben seguir de forma individual.
 - o Proverase ao persoal dos produtos de hixiene necesarios para poder seguir as recomendacións individuais, adaptándose a cada actividade concreta. Con carácter xeral, manterase un aprovisionamento adecuado de xabón, solución de base alcohólica e guantes desbotables.
 - o O persoal contará con aprovisionamento suficiente de material de protección, especialmente guantes e máscaras protectoras cando así o indique o servizo de prevención de riscos laborais, e máis concretamente o persoal máis exposto.
 - o Adoptaranse as medidas específicas para minimizar o risco de transmisión ás persoas traballadoras especialmente sensibles cando teñan que acudir ao seu posto de traballo.
 - o Elaborarase un plan de continxencia identificando o risco de exposición do programa e adoptando as medidas de protección necesarias.
 - o Se unha persoa traballadora manifesta síntomas no seu posto de traballo atenderase ao protocolo de actuación que publicou o Ministerio de Sanidade e o Anexo II deste documento.

ANEXO V. ACTIVIDADES FORMATIVAS E INFORMATIVAS

- A entidade subministrará e proporcionará durante o programa información sobre a actividade en caso de que se produzan cambios significativos sobre o desenvolvemento das actividades, medidas, etc.
- Ubicará cartelería informativa sobre a hixiene de mans e hixiene respiratoria.
- Lembrará mediante obradoiros incorporados ás actividades sobre as normas de comportamento para evitar contaxios e desenvolver a actividade con seguridade.
- A entidade asegurase de que os membros do grupo de traballo coñecen as medidas e protocolos. O persoal realizará cursos de formación en liña sobre a Covid-19.
- Os membros do grupo de traballo realizarán unha xornada de formación previa ao inicio do Verán CampUSC onde se unificarán os criterios en relación á situación excepcional da Covid-19.
- As familias participantes recibirán información das actividades que realizarán os seus fillos e fillas.
- Na medida das posibilidades, tentarase ter unha reunión previa ao inicio pero se non fose posible utilizarase unha destas dúas alternativas:
 - Reunión por videoconferencia.
 - Circular informativa detallada a través de correo electrónico.